

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, DE ORGANIZACIÓN, DO PLENO DO CONCELLO

No Municipio de Silleda, o día 22 de xuño de 2015 ás 13:00 horas e baixo a

ASISTENTES

Alcalde

D. Manuel Cuíña Fernández

Concelleiros

Dna. Ana Luisa González Costa

D. Klaus Brey Montaña

D. Jesús Taboada Lázara

Dna. M^a del Pilar Peón Iglesias

Dna M^a José Fernández Rodríguez

D. Luis Rodríguez Vázquez

D. José Luis Espiño Espantoso

Dna. Natalia Iglesias Méndez

D. Ignacio Maril Pardo

D. José Antonio Ramos Dobarro

Dna M^adel Carmen Folla González

D. Matías Rodríguez da Torre

SECRETARIA

María Cacharro López

INTERVENTOR

Manuel Quintáns Queiruga

Presidencia de D. Manuel Cuíña Fernández, Alcalde da Corporación, reúnen-se no salón de sesións da Casa Consistorial os señores concelleiros ao marxe expresados, co obxecto de dar cumprimento ao disposto no artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, no que se dispón que dentro dos trinta días seguintes á celebración da sesión constitutiva, o Alcalde convocará a sesión ou sesións extraordinarias do Pleno co obxecto de fixar o funcionamento da nova Corporación Local.

Da fe do acto María Cacharro López, Secretaria da Corporación.

Ábrese a sesión polo Presidente e foron tratados os seguintes

ASUNTOS

PRIMEIRO. COÑECEMENTO DA COMPOSICIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS E OS SEUS VOCEIROS

Á vista da exposición polo Alcalde en relación co funcionamento do Concello neste mandato, dáse conta dos escritos presentados polos diferentes grupos políticos, de conformidade co artigo 24 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro. A Corporación queda informada da seguinte composición dos grupos políticos:

*Aprobada, con correccións, na sesión ordinaria
do 30/07/2015.*



Grupo municipal do PSdeG-PSOE:

Manuel Cuíña Fernández
Ana Luisa González Costa (Voceira titular)
Klaus Brey Montaña (Voceiro suplente)
Jesús Taboada Lázara
M^a del Pilar Peón Iglesias
M^a José Fernández Rodríguez
Luis Rodríguez Vázquez

Grupo municipal do PP:

José Luis Espiño Espantoso (Voceiro titular)
Natalia Iglesias Méndez
Ignacio Maril Pardo
José Antonio Ramos Dobarro
M^a del Carmen Folla González
Voceiros suplentes: os demais pola orde na que figuran

Grupo mixto:

Matías Rodríguez da Torre (Voceiro)

SEGUNDO. COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DO ALCALDE EN MATERIA DE NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE, MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓNS

Dase conta do decreto de Alcaldía de data 15 e xuño de 2015, polo que se adoptaron as resolucións relativas ao nomeamento dos membros da Xunta de Goberno local e Tenentes de Alcalde, co contido seguinte:

"PRIMEIRO. Nomear membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda aos seguintes Concelleiros:

- Klaus Brey Montaña*
- Ana Luisa González Costa*
- Jesús Taboada Lázara*
- M^a José Fernández Rodríguez*

SEGUNDO. As sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local terán lugar coa periodicidade que estableza o artigo 32 do Regulamento Orgánico Municipal. En aplicación do artigo 112.3 do ROF, o Alcalde fixará, mediante Decreto, o día e hora concretos no que terá lugar cada sesión ordinaria.

TERCEIRO. Corresponde á Xunta de Goberno Local, ademais da asistencia permanente ao Alcalde no exercicio das súas atribucións, as seguintes competencias que se delegan:

- Outorgar as licenzas urbanísticas e de actividade.*





- *Aprobar os instrumentos de planeamento urbanístico de desenvolvemento do planeamento xeral, agás atribución expresa ao Pleno.*
- *Aprobar os instrumentos de xestión urbanística e os proxectos de urbanización.*
- *As competencias como órgano de contratación de obras, subministracións, servizos, xestión de servizos públicos, contratos administrativos especiais e contratos privados: cando o gasto correspondente supere os 15.000 euros e non correspondan ao Pleno.*
- *Aprobar os proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no Orzamento aprobado polo Pleno.*
- *Adxudicar concesións sobre os bens da Corporación, adquirir e allear inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial, a non ser que correspondan ao Pleno.*
- *Aprobar os padróns fiscais.*
- *Aprobar as bases e a concesión de subvencións de acordo co orzamento aprobado polo Pleno*
- *Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno.*
- *Aprobar as bases das probas para seleccionar o persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.*
- *Distribuír as retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.*

CUARTO. Designar como Tenentes de Alcalde aos seguintes concelleiros:

— Klaus Brey Montaña (1º Tenente de Alcalde)

— Ana Luisa González Costa (2ª Tenente de Alcalde)“

A Corporación queda informada.

TERCEIRO. PERIODICIDADE DAS SESIÓNS PLENARIAS

O Alcalde propón establecer que as sesións ordinarias do Pleno terán lugar o último xoves non festivo dos meses impares ás 11:00 horas no salón de sesións do Concello (se é festivo, poderase adiantar ou retrasar a data sen que exceda de 3 días).

Toma a palabra o Sr. Espiño, voceiro do grupo municipal do PP, para manifestar o seu desacordo coa hora, xa que pola tarde participaría máis xente, e para os concelleiros que traballan tamén sería preferible.

Pola súa banda, o Sr. Rodríguez da Torre, voceiro do grupo mixto, considera que este Pleno debería suspenderse por razóns formais, xa que non dispuxo de toda a documentación coa antelación que establecen as normas. Isto supuxo que non puidera someter aos órganos de dirección do BNG as cuestións que hoxe se pretende someter a debate e votación. Bota tamén en falta que se convocara a Xunta de Voceiros. Atribúe estas condutas, así como a propia proposta sobre o horario das sesións (pola mañá) ao “rodillo da maioría”.

O Sr. Alcalde lamenta a ausencia de acordo, pero lembra o dereito que os membros da Corporación teñen a pedir un permiso no traballo para asistir ás sesións do



Pleno. O horario de mañá é o que teñen a maioría das Corporacións, e ademáis xa se comprobou que o feito de facer as sesións polas tardes non supuxo unha maior asistencia de veciños. En cando á documentación para esta sesión, estivo a disposición dos concelleiros o xoves e o venres, e ninguén veu. E por último, a xunta de voceiros tivo lugar de maneira informal cando rematou a sesión constitutiva do día 13, e precisamente a petición do concelleiro do BNG adiouuse para hoxe, en lugar de facela o venres pasado.

Aberta a quenda de réplica, o Sr. Espiño fai notar a ausencia no salón de sesións da imaxe do Rei, en contra do que é preceptivo. O Sr. Alcalde lembra que esta situación ven xa de hai tempo. Ao respecto, o Sr. Rodríguez da Torre, concelleiro do BNG, manifesta a súa intención de presentar unha moción a favor do republicanismo e a laicidade deste Pleno, se ben o Sr. Alcalde sinala que nunha sesión extraordinaria como esta non procede introducir novos puntos na orde do día.

Sometido a votación este asunto, é aprobado por 7 votos a favor (concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE) e 6 votos en contra (concelleiros do grupo municipal do PP e concelleiro do BNG).

CUARTO. CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES

O Alcalde propón crear as seguintes Comisiones Informativas permanentes, integradas de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación. O Alcalde é o Presidente nato de todas elas, se ben propondrá delegar a presidencia efectiva de cada unha no concelleiro ou concelleira que en cada caso se indica:

- Comisión especial de contas e informativa de economía, facenda, réxime interior, seguridade e tráfico: Alcalde
- Comisión informativa de urbanismo, obras e servizos: Klaus Brey Montaña
- Comisión informativa de emprego, comercio, industria, deportes e persoal: Ana Luisa González Costa
- Comisión informativa de medio rural: Jesús Taboada Lázara
- Comisión informativa de benestar social, igualdade, educación e sanidade: M^a Pilar Peón Iglesias
- Comisión informativa de turismo, xuventude, normalización lingüística e comunicación social: M^a José Fernández Rodríguez
- Comisión informativa de cultura e medio ambiente: Luis Rodríguez Vázquez



Composición: 3 concelleiros do grupo do PSdG-PSOE, 2 do grupo do PP e 1 do grupo mixto, ponderando os votos respectivos en proporción á representatividade dos grupos no Pleno municipal.

Cada voceiro deberá presentar un escrito, dirixido ao Alcalde, e do que se dará conta ao Pleno, designando aos compoñentes de cada Comisión na representación de cada grupo. A petición do Sr. Espiño, aclárase que as designacións deberán producirse antes da convocatoria da correspondente Comisión Informativa, para posibilitar a constitución da mesma.

As sesións ordinarias das Comisións Informativas terán lugar coa mesma periodicidade que as sesións plenarias correspondentes, sempre e cando haxa asuntos que tratar, nos días e horas que estableza o Alcalde ou Presidente na correspondente convocatoria.

Na quenda de intervencións, o Sr. Espiño bota en falta unha Comisión Informativa de Participación Cidadá, cando este Concello posúe o correspondente Regulamento. O Sr. Alcalde considera que esta materia pode incluírse na "comunicación social". Malia o desacordo que pon de manifesto o Sr. Rodríguez da Torre, o Alcalde confía en que a Concelleira encargada destas cuestións terá a destreza suficiente para diferenciar o que proceda. A petición do Sr. Rodríguez da Torre, faise constar na acta a súa inicial atención de votar a favor da proposta da Alcaldía neste punto, pero que debido a esta cuestión non o fará.

Sometido a votación este asunto, é aprobado por 7 votos a favor (concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE) e 6 votos en contra (concelleiros do grupo municipal do PP e concelleiro do BNG).

QUINTO. RETRIBUCIÓN A GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

O Alcalde propón que as dotacións económicas para os Grupos Políticos, conforme o establecido no artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e que se recollen na aplicación orzamentaria 912.489,00, constarán dun compoñente fixo e outro variable en función do número de membros de cada un deles, tomando como referencia a proporcionalidade derivada dos resultados electorais, en porcentaxe de votos.

Resultados electorais eleccións 2015:

PSOE: 50,54 %.

PP: 38,28 %

BNG: 9,93 %

Distribución tomando coma referencia os porcentaxes de apoio electoral:

Grupo PSOE: 1.200 €

Por membro: 300 €



TOTAL: Grupo PSOE: $1.200 (7 \times 300) + 2.100 = 3.300 \text{ €} (50 \%)$
Grupo PP: 1.140 €
Por membro: 300 €
TOTAL. Grupo PP: $1.140 (5 \times 300) + 1.500 = 2.640 \text{ €} (40 \%)$
Grupo BNG: 360 €
Por membro: 300 €
TOTAL. Grupo BNG: $360 \text{ €} (1 \times 300) + 300 = 660 \text{ €} (10 \%)$
GRAN TOTAL 6.600 €

Respecto das citadas dotacións esixense os seguintes requisitos:

- a) Non poderán destinarse o pago de remuneracións de persoal de calquera tipo o servizo da Corporación ou a adquisición de bens que podan constituír activos fixos de carácter patrimonial.
- b) Se ingresarán en conta aberta a nome dos Grupos Políticos no banco ou Caixa que sinalen.
- c) O pago se efectuará, por semestres anticipados, contra 6ustificante expedido polo Portavoz do Grupo, no que se fará constar de forma expresa o número de Concelleiros en 6ustifica adscritos o Grupo e a declaración de cumprimento do previsto no apartado a).
- d) A achega terá carácter incondicional, agás o establecido no apartado a) , polo que non será necesario 6ustifica-lo destino dado ós fondos percibidos, sen xustifica da necesidade de levar unha contabilidade adecuada e conservar os correspondentes xustificantes, que porán a disposición do Pleno da Corporación sempre que este o pida. Non seu caso, poderá solicitarse informe de Intervención acerca do cumprimento das normas que rexen estas dotacións. A citada contabilidade consistirá, al menos, nun Libro de Caixa que rexistre as entradas e saídas de fondos.

Toma a palabra o Sr. Rodríguez da Torre, concelleiro do BNG, para lamentar a ausencia de consenso neste punto, relativo a unhas asignacións que dignifican a política do goberno e da oposición. Lamenta tamén o feito de que o criterio de distribución proposto non permita retribuír proporcionalmente ao grupo do BNG, que é o que máis traballa no Concello desde hai anos.

Responde o Sr. Alcalde que esta asignación emenda a falta de locais que o Concello debería poñer a disposición dos grupos políticos. Replica o Sr. Rodríguez da Torre que non está de acordo con que falten locais, e que en proporción ao que el traballa o xusto sería que se asignara ao seu grupo un empregado municipal por horas.

O Sr. Alcalde conclúe o debate amosando o seu acordo coa importancia dos grupos políticos, pero non co resto das manifestacións do concelleiro do BNG.

Sometido a votación este asunto, é aprobado por 7 votos a favor (concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE) e 1 voto en contra (concelleiro do BNG) e 5 abstencións (concelleiros do grupo municipal do PP).

SEXTO. RETRIBUCIÓN DE CARGOS ELECTIVOS LOCAIS CON ADICACIONES EXCLUSIVAS OU PARCIAIS



O Alcalde propón que aqueles membros da Corporación que desenvolvan as súas actividades en réxime de dedicación exclusiva ou parcial perciban as retribucións que se indican a continuación, non podendo percibir indemnización algunha pola asistencia a sesións dos diferentes órganos municipais e doutros organismos, sen prexuízo das indemnizacións que lles correspondan polo exercizo do seu cargo:

1. Alcaldía (dedicación exclusiva): 2.989,00 € brutos/mes. (41.846,00 € anuais, en 14 pagas)
2. 1º Tenente de Alcalde. Concellería de urbanismo, obras e servizos (dedicación exclusiva): de 2.014,07 € brutos/mes (28.197,27 anuais en 14 pagas)
3. Concellería de benestar social, igualdade, educación e sanidade (dedicación parcial): 1.345,05 € brutos/mes (18.830,70 € en 14 pagas).
4. Concellería de cultura e medio ambiente (dedicación parcial): de 1.345,05 € brutos/mes (18.830,70 € en 14 pagas).

Toma a palabra o Sr. Espiño, voceiro do grupo municipal do PP, para amosar o seu desacordo co incremento escandaloso nas retribucións, particularmente á da Alcaldía, máxime en comparación coas doutros Concellos incluso máis grandes.

Tamén o Sr. Rodríguez da Torre considera que debería reducirse o soldo do Alcalde, e que só debería haber dúas dedicacións exclusivas. Tivo sentido que houbera tres dedicacións na época na que gobernaban dúas organizacións no Concello, pero no momento actual carece de sentido, máxime se temos en conta que as cualificadas como "parciais" parécenlle "enteiras", en proporción ao que se cobra no Concello.

O Sr. Alcalde censura a demagogia das intervencións dos Sres. Voceiros, xa que a súa retribución é a máis baixa da comarca en termos proporcionais. Considera que sería necesario incluso contar con máis Concelleiros con dedicación ao Concello, polo que non lle parece excesiva a proposta.

Ambos voceiros reiteran o seu desacordo, así como a non proporcionalidade entre as retribucións e as competencias asumidas a maiores polos concelleiros. Puntualiza o Sr. Rodríguez da Torre que neste caso competencias novas é igual a maioría absoluta. O Sr. Alcalde apela a que o tempo dirá quen ten razón.

Sometido a votación este asunto, é aprobado por 7 votos a favor (concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE) e 6 votos en contra (concelleiros do grupo municipal do PP e concelleiro do BNG).

SÉTIMO. RETRIBUCIÓN DE CARGOS ELECTIVOS LOCAIS SEN ADICACIÓNS EXCLUSIVAS



O Alcalde propón que os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial perciban as seguintes indemnizacións por asistencia a sesións dos órganos dos que formen parte:

- Asistencia a Xunta Goberno Local: 97,00 €.
- Asistencia a Plenos: 75,00 €
- Asistencia Comisións Informativas: 48,00 €

Chámalle a atención ao Sr. Espiño a subida das asistencias á Xunta de Goberno Local, xa que o que se propón é que os membros deste órgano cobren o dobre por traballar a metade, se temos en conta que as sesións terán lugar quincenal e non semanalmente.

Pola súa banda, o Sr. Rodríguez da Torre considera que, malia as antidemocráticas reformas no réxime local que se teñen levado a cabo nos últimos anos, o Pleno debería ter as máximas competencias nun Concello, e a asignación pola asistencia ao mesmo non debería ser inferior á correspondente á Xunta de Goberno Local. Pensa ademais que a asistencia á Xunta de Voceiros tamén debería ser retribuída.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para sinalar que nas sesións quincenais da Xunta de Goberno traballárase o dobre que nas semanais, polo que a retribución proposta é equivalente á actual. Ademais, tendo en conta o traballo efectivo, no Pleno deberían cobrar so os voceiros. En canto á Xunta de Voceiros, haberá que ver o contido que se lle da ao órgano.

Na quenda de réplica, o Sr. Espiño sinala que haberá que ver se de verdade o traballo se duplica, mentres que o Sr. Rodríguez da Torre mantén que é escandaloso que o Pleno sexa o órgano peor retribuído, e que el non ten a culpa de que en outros grupos haxa concelleiros que so veñan a levantar a man.

Sometido a votación este asunto, é aprobado por 7 votos a favor (concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE) e 6 votos en contra (concelleiros do grupo municipal do PP e concelleiro do BNG).

OITAVO. NOMEAR REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NOS ÓRGANOS COLEXIADOS

Pola Alcaldía proponse que sexa o Alcalde quen represente á Corporación nos órganos colexiados, con excepción dos Consellos Escolares, onde a representación corresponderá á titular da área de educación. Respecto da Mancomunidade, tratarase o asunto da representación nunha vindeira sesión, xa que a información precisa que o dito organismo tiña que enviar para poder preparar unha proposta non chegou a tempo.



Sometido a votación este asunto, é aprobado por 12 votos a favor (concelleiros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP) e 1 abstención (concelleiro do BNG).

NOVENO. NÚMERO, CARACTERÍSTICAS E RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL EVENTUAL

O Sr. Alcalde sinala que a proposta neste punto é a mesma que no mandato anterior. Dado que o Sr. Espiño pon de manifesto que o seu grupo non contou con información ningunha ao respecto, o Sr. Alcalde da lectura á seguinte proposta respecto do número e características do persoal eventual do cadro de persoal municipal:

Para o correcto funcionamento do Concello, en aras de poder ofrecerlle á cidadanía información sobre a xestión municipal diaria do goberno, así como reforzar as relacións institucionais con outras Administracións e de servir de apoio administrativo ao goberno, considérase necesario contar cunha praza de persoal eventual coas seguintes características:

Denominación: Xefe de Prensa e protocolo.

Número de postos:1

Características: Cargo de confianza da Alcaldía á quen lle corresponde o seu nomeamento e cese. Cesará automaticamente cando cese a autoridade que o nomeou.

A dedicación plena do citado persoal implicará, ademais do cumprimento da xornada laboral ordinaria do resto do persoal municipal, a incompatibilidade para todo tipo de actividades públicas ou privadas, por conta propia ou allea, de carácter retribuído, nos termos establecidos para o persoal funcionario, debendo estar a disposición da Corporación en calquera momento que sexan requiridos para elo.

As súas funcións serán:

- a) Organizar roldas de prensa e comunicados.
- b) Organización da axenda protocolaria.
- c) Apoio administrativo a Alcaldía.
- d) Desenrolo de función propias de Secretaría adxunta a Alcaldía.
- e) Funcións de asesoramento a Alcaldía no marco da súa pericia.
- f) Control e seguimento de expedientes baixo directriz da Alcaldía.
- g) Xestións con terceiros baixo o mandato expreso e directrices do Alcalde.
- h) Encomendas relativas a un tema concreto e específico.
- i) Todas aquelas outras que lle sexan conferidas pola Alcaldía ou polos demais concelleiros delegados.

Retribucións: Salario base: equivalente a un Grupo C1: 8.640,24€
Pagas extraordinarias: 3.034,16 €
Complemento de destino: nivel 18, importe. 4.737,48 €
Complemento específico: 6.167,40 €
TOTAL RETRIBUCIONES ANUAIS: 22.579,28 €.




Toma a palabra o Sr. Rodríguez da Torre para sinalar que, malia que non desexa que se tomen as cousas como non son, si quere facer unha crítica política, e non está de acordo con que exista este posto. Iso si, matiza que con independencia da persoa que o ocupe.

O Sr. Alcalde responde que hai catro anos o Sr. concelleiro do BNG votou a favor desta mesma proposta.

Sometido a votación este asunto, é aprobado por 7 votos a favor (concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE), 1 en contra (concelleiro do BNG) e 5 abstencións (concelleiros do grupo municipal do PP).

E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión ás 14:30 horas, do que, como Secretaria, dou fe.

V. e Pr.
O Alcalde,


Manuel Cuíña Fernández



María Cacharro López